



Tel. 986 76 84 09

Fax 986 76 84 11

C O N C E L L O

D E

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

## BANDO

**D. EMILIANO LAGE RODRÍGUEZ, ALCALDE DO CONCELLO  
DE FORNELOS DE MONTES,**

### **FAI SABER:**

Nos muros de peche dalgunhas fincas particulares crecen malezas e árbores que dificultan e en ocasións impiden o tránsito de vehículos pola vía pública colindante, producindo danos nas carrocerías. Por outra parte, ás ramaxes que invaden desde ditas propiedades as vías públicas fan ineficaz a instalación de iluminación pública, causando prexuízos aos veciños que queren utilizalas.

O concello ten a obriga de defender os bens públicos e ningún veciño pode invadir as propiedades alleas e moito menos os bens públicos con vexetación procedente das súas fincas.

A defensa fronte a ditos abusos ven establecida claramente no Código Civil para bens públicos e particulares, e refórzase para os camiños públicos coas disposicións do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Esta Alcaldía tamén constatou que existen parcelas próximas ás vivendas particulares que non están libres de malezas e poden supoñer unha seria ameaza en caso de incendio forestal.

Por dita razón **solicítase a todos os veciños que, sen dilacións dado o mes que andamos, revisen o estado da vexetación nas súas parcelas próximas á vivendas e camiños públicos e realicen a súa limpeza en caso necesario.**

Debo recordarlles que ós propietarios das veigas particulares teñen a obriga de mantelas limpas, de acordo co establecido no artigo 332.1 e 332.4 do Regulamento da lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. O incumprimento desta obriga polos propietarios esixirá do Concello a execución subsidiaria a costa dos mesmos ou a execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas das que a contía oscilará entre os 1.000,00 e 10.000,00 euros, en función das circunstancias que concorran.

Refórzase esta obriga coa aprobación pola Xunta de Galicia da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que establece faixas de especial protección que abranguen, entre outros, unha franxa de 50 metros arredor de calquera núcleo poboacional, edificación, urbanización, depósito de lixo, cámpings, instalacións recreativas, obras, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte.

Nestas franxas de terreo, próximas a edificacións, e vías públicas os propietarios que non manteñan limpas a súas veigas, ademais das sancións correspondentes, teranse que enfrontar a graves responsabilidades, en caso de que se produza nelas un incendio.

Fornelos de Montes, 16 de xuño de 2017

